

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES DE GALICIA (CEESG) POLO QUE SE ENCOMENDA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ALOUMIÑOS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (en adiante, CEESG) asinaron o 23.07.2025 o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio vai dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o CEESG para a posta en funcionamento do Proxecto Aloumiños, desenvolvendo unha serie de actividades no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia cos seguintes obxectivos:

- a) A contratación dos profesionais que levarán a cabo a coordinación do proxecto Aloumiños, impulsado dende a Subdirección xeral de Atención á Saúde Mental do Servizo Galego de Saúde. A entidade contratante é o CEESG.
- b) Minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral. Búscase, da mesma maneira, actuar en rede unindo sinerxias (entre administracións, institucións sanitarias, entidades do terceiro sector e cidadanía) para a promoción da saúde e o benestar comunitario, así como favorecer o empoderamento mediante a participación e o protagonismo das persoas en relación á súa saúde e na comunidade.
- c) A implantación do proxecto nas comarcas de Galicia cun maior índice de suicidio seguindo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no Atlas Nacional de mortalidade en España do grupo Bayesians da Fundación para el Fomento de la Investigación Sanitaria y biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO).

Nos concellos nos que se desenvolve o proxecto formaranse grupos compostos por persoas en situación de soidade non desexada detectados dende os Centros de Atención Primaria para desenvolver os obxectivos perseguidos, que estarán dirixidos por persoal especializado para a realización, entre outras, das seguintes actividades:

1. Sesións de benestar emocional.

2. Fomentar as relacións veciñais e o acompañamento das persoas que vivan soas en situación de soidade non desexada.
3. Charlas e obradoiros para traballar diferentes temáticas como o envellecemento activo, o apoio social ou a abordaxe da soidade non desexada, co obxectivo de identificar situacións de soidade non desexada e recoñecer e traballar as emocións asociadas a ela, profundizando en cuestións como as consecuencias da soidade non desexada, facilitando estratexias para afrontar este tipo de situacións e fomentando as interaccións interpersoais.
4. Sesións de actividades de ocio e tempo de lecer saudable.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde impulsa o proxecto Aloumiños, de prevención da soidade non desexada a través da promoción de hábitos e contornas saudables, creando espazos de benestar para toda a poboación, buscando, entre outros beneficios, o aumento da calidade de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social.

A soidade non desexada prodúcese cando as persoas, sen elixilo voluntariamente, carecen da cantidade ou a calidade esperada de relacións sociais. A soidade non ten por que ser un problema, sempre que sexa unha libre decisión. Con todo, cando unha persoa non elixe esa situación, senón que é provocada por diversas circunstancias da vida, a soidade pode converterse nunha carga difícil de levar e conducir a un empeoramento grave da calidade de vida. Combater a soidade non desexada require dos demais, moi especialmente da contorna máis próxima, dos grupos, da comunidade.

Os profesionais que traballan na atención a persoas que se atopan en soidade non desexada destacan múltiples efectos da soidade sobre distintas dimensións da vida das persoas. A soidade repercute de forma negativa no estado anímico, a satisfacción das necesidades vitais, en relación co entorno, no acceso os servizos comunitarios de apoio, na seguridade e, en definitiva, na calidade de vida das persoas. Amais, a soidade non desexada constitúe un factor de risco para a saúde mental, para patoloxías como a depresión e a ansiedade, entre outras. Ás veces, a soidade tamén é un factor de risco para a saúde física, favorecendo, por exemplo, a hipertensión e as enfermidades cardiovasculares. Diferentes investigacións confirman tamén un maior risco de morte prematura entre as persoas que se senten soas.

A soidade non desexada pode acontecer en calquera momento da vida. Porén, as persoas maiores son as máis vulnerables a padecela debido, entre outras circunstancias, á deterioración física e psicolóxica e á perda de apoios persoais e sociais. A ausencia de rede social de apoio é un factor fundamental de vulnerabilidade sociosanitaria.



Galicia presenta máis do dobre de poboación maior de 64 anos que menor de 16, pero a soidade non desexada é un fenómeno moi amplo e complexo, que afecta a todas as idades, ademais de ser un factor de exclusión social, polo que debe afrontarse dando unha resposta multidimensional, pública, sanitaria e social, entre outras, que permita previr que se dean estas situacións e apoiar e acompañar ás persoas que a padecen. Respecto a poboación albo e tendo en conta a elevada esperanza de vida da poboación galega, sumada ás baixas taxas de natalidade dos últimos anos, fan que esta poboación enfróntese a una crise de coidados derivada da transformación da estrutura familiar, entre outras circunstancias.

Máis de 126.000 galegos e galegas maiores de 65 anos viven en soidade. Esta realidade pon de manifesto os riscos da soidade no desexada, un factor que como xustificamos, leva ao deterioro da saúde de persoas maiores e aos inicios de posibles situacións de dependencia, vulnerabilidade, etc.

Por iso, este proxecto ten como poboación diana as persoas maiores con autonomía, entendendo persoa con autonomía aquela que non necesita apoios para a deambulación por terceiros e mantén a súa capacidade cognitiva sen deterioro nin dificultades na súa relación con outras persoas (corresponderíase cun Índice de Barthel de 90 a 100 puntos) aínda que non tería por que ser un criterio estritamente excluínste.

O proxecto Aloumiños pretende, dende a intervención comunitaria, incidir na promoción do envellecemento activo e saudable, para o mantemento e a promoción da saúde e o benestar, empregando como recurso esencial os propios activos da comunidade coa que se traballa.

Este proxecto ten como obxectivo xeral minimizar os efectos da soidade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e mellorar por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral.

Búscase actuar en rede unindo sinerxias (entre administracións, institucións sanitarias, entidades do terceiro sector e cidadanía) para a promoción da saúde e o benestar comunitario, así como favorecer o empoderamento mediante a participación e o protagonismo das persoas en relación á súa saúde e na comunidade.

No ano 2024 realizouse o primeiro convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) para o desenvolvemento do proxecto Aloumiños. Tendo en conta os bos resultados acadados, en referencia ó número de usuarios participantes nas diversas actividades realizadas e a implicación do persoal dos centros de saúde dos Concellos participantes, enténdese conveniente formalizar un novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Colexio de Educadoras e Educadores de Galicia para o desenvolvemento do programa Aloumiños no ano 2025. Este novo inicio do programa, ten como obxectivo repetir os mesmos concellos que no ano 2024, para rematar as actuacións, e ampliar ós seguintes novos concellos: Trazo, Val do Dubra, Cerdido, As Somozas, Moeche, Frades, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Meira.



Este proxecto implantarase nas comarcas de Galicia con maior índice de suicidio segundo a referencia do risco estimado de mortalidade por suicidio elaborado no *"Atlas Nacional de mortalidad en España del grupo Bayensians de la Fundación para el Fomento de la Investigación Sanitaria y Biomédica de la Comunidad Valenciana (FISABIO) (<http://andees.fisabio.san.gva.es>)"*. En concreto, no ano 2025 poñerase en marcha nos seguintes concellos, elixidos por o lugar que ocupan no ranking RME (Razón de Mortalidade Estandarizada suavizada):

- COMARCA DE ORDES: Cerceda (1), Ordes(2), Tordoia(11) e Trazo(19).
- COMARCA DE BERGANTIÑOS: Laracha(8), Coristanco(9), Carballo(29) e Val do Dubra(34).
- COMARCA FERROL/ORTEGAL: As Somozas(4), Moeche(6), Neda(7) e San Sadurniño(12).
- COMARCA DE A CORUÑA/ORDES: Abegondo(14), Mesía(15),Frades (16) e Carral (17).
- COMARCA DE MEIRA: A Pastoriza(5), Pol(10), Riotorto (24) e Meira(28).

Para a consecución dos obxectivos específicos emprenderanse diversas accións como o deseño de sesións de benestar emocional e cardiovascular, que consisten en que as persoas participantes, conducidas por unha persoa educadora e/o persoal voluntario formado, participarán en paseos saudables. Durante estas sesións tamén se lles achegarán nocións básicas sobre autocoidado, risco cardiovascular, importancia do exercicio en saúde e fomentarse a participación e a cohesión grupal.

Con este mesmo fin, deseñaranse os espazos de reflexión tanto nas localidades grandes nas que se poidan levar a cabo as actividades de exercicio físico como especialmente nas localidades xeográficamente dispersas. Realizaranse actividades grupais indoor seguindo o modelo de grupo formativo de Mirtha Cucco dos Procesos Correctores Comunitarios (ProCC), nos que se reflexionará sobre os cambios de roles que o envellecemento implica, as dificultades para o autocoidado que teñen as persoas coidadoras de persoas dependentes e as dificultades que os modelos de roles hexemónicos presentan para o autocoidado de todas e todos. Por último, nas sesións finais cos grupos realizarase formación englobada na Escola de Saúde para a Cidadanía para sensibilización na prevención de suicidio seguindo modelos similares a QPR (<https://qprinstitute.com>) para a formación de gatekeepers. A idea é que na sesión final convocarase, ademais dos participantes das sesións de grupo, ao tecido asociativo (asociacións de caza e pesca, mulleres rurais, colectivos deportivos ou musicais), ás traballadoras de axuda a domicilio e ás autónomas que polo seu traballo itinerante teñan relación coa poboación illada das aldeas (panadeiras, peixeiras, traballadoras de reparto a domicilio dos supermercados, auxiliares de farmacia, farmacéuticas, taxistas, repartidoras de penso) a fin de que se capaciten para poder preguntar pola ideación suicida e poder derivar ao centro de saúde ás persoas en risco.



O desenvolvemento do programa busca unha atención descentralizada e integral. Preténdese constituír, nos diferentes Centros de Saúde de Atención Primaria, equipos de traballo dirixidos por persoal especializado (educadoras/es sociais contratadas/os), que actuarán como motores e participantes no mesmo, e tamén persoal voluntario que guiado polos técnicos, desenvolva os obxectivos perseguidos.

O Servizo Galego de Saúde achega para o financiamento do convenio a cantidade de cento vinte e sete mil euros (127.000,00 €), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

